



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TEO

*Anuncio de aprobación inicial da Modificación do Regulamento do Servizo municipal de Abastecemento de auga potable, saneamento e depuración das augas residuais do Concello de Teo*

#### **ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE TEO**

O Pleno da Corporación, na sesión do 24 de abril de 2024, acordou aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración das augas residuais do Concello de Teo, e sometelo a información pública.

De acordo co exposto e para dar cumprimento ao establecido no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de 30 días, contado a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de A Coruña, co obxecto de que toda persoa interesada poida formular as reclamacións e suxerencias que estime oportunas, podendo ser consultado o expediente na Secretaría do concello.

De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Publicarase así mesmo no portal de transparencia do Concello de Teo, de acordo co artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Teo, 7 de maio de 2024

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz

2024/3088